



XUNTA  
DE GALICIA

Consellería de Cultura, Educación e Universidade  
***CEIP Plurilingüe Santa M<sup>a</sup> do Valadouro***  
Rúa Diputación, nº 7 ----- 27770 Ferreira do Valadouro (Lugo)  
Tfno: 982.828.872 ----- Fax: 982.828.874  
[ceip.santamaria.valadouro@edu.xunta.gal](mailto:ceip.santamaria.valadouro@edu.xunta.gal)



## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DOS PAIS/NAIS DE ALUMNOS E/OU ALUMNAS Ó CONSELLO ESCOLAR

### CIRCULAR INFORMATIVA

De acordo coa Convocatoria do día 15 do mes en curso, recórdase que o próximo 24 de novembro en horario de 16 a 19 horas, celébrase neste Centro a votación para a elección de representantes dos pais e/ou nais de alumnos/as no Consello Escolar deste Centro.

Para participar na referida votación, tal como se sinalaba na citada Convocatoria, procederáse da forma seguinte:

#### 1.- **Quen pode votar.**

Teñen dereito a votar tódolos pais/nais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro e que figuran no Censo que ó efecto aprobou a Xunta Electoral tra-la súa exposición pública regulamentaria.

Tal dereito corresponde indistintamente ó pai ou á nai, polo que son electores e elixibles o pai e a nai.

#### 2.- **Modo de emiti-lo voto.**

A) O voto será directo, secreto e non delegable.

B) As papeletas da votación serán, obrigatoriamente, as previamente fixadas pola Xunta Electoral do Centro, papeletas que haberá cantidade suficiente no local da votación.

C) Nas referidas papeletas figurarán os nomes dos candidatos.

D) Unha vez finalizado o prazo de presentación de candidaturas para a elección dos representantes dos pais/nais no **CONSELLO ESCOLAR** do Centro, a XUNTA ELECTORAL deste Colexio fai pública a relación de nomes

dos candidatos que se presentan á referida elección, segundo se indica de seguido por orde alfabético de apelidos polo sector de nais e pais:

- 1.- Lucia Fanego Candia
- 2.- Rosa Isabel Sánchez Balseiro
- 3.- Jorge José Vázquez Artiaga

E) Os votantes deberán acredita-la súa personalidade mediante a exhibición do D.N.I. ou documento similar.

F) Finalizada a votación procederase ó acto do escrutinio dos votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase a acta correspondente.

**A dirección deste Colexio anima a tódolos pais e nais de alumnos e alumnas a que participen na votación do 24 de novembro, como unha forma máis de colaboración na organización do Centro, a fin de conseguila máxima representatividade posible de nais e pais de alumnos no Consello Escolar do mesmo.**

O Valadouro, a 19 de novembro de 2021.

A Presidenta e Directora do centro.



Asdo: Yolanda Blanco Rodríguez